



**TURGALICIA**  
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 148 11-17 MARZO'08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

**902 200 432**

ou no fax:

**981 542 659**



[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: [imaxenova@imaxenova.com](mailto:imaxenova@imaxenova.com)

# “CAMELIA DE GALICIA”, NA SEMANA SANTA

**TURGALICIA** organiza unha mostra dedicada á emblemática flor galega, na que promocionará a beleza dos Xardíns de Inverno

Coincidindo coas datas das vacacións de Semana Santa, o claustro de Fonseca, en Santiago de Compostela, acollerá a exposición “Camelia de Galicia”, unha mostra da enorme variedade de flores de camelia existente en Galiza, procedentes dos xardíns de máis de 20 coleccionistas galegos. Organizada pola Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia, **TURGALICIA**-Dirección Xeral de Turismo, en colaboración coa Sociedad Española de la Camelia e a Universidade de Santiago de Compostela, a mostra ten por obxectivo fomentar e potenciar a imaxe turística do País galego a través da exaltación dunha planta que o Nobel de Literatura Camilo José Cela bautizou como “flor insignia” de Galiza, como elemento de prestixio, para lograr, finalmente, a súa total identificación como flor de Galiza.

O evento, que terá lugar os vindeiros días 21 e 22 de marzo, constituirá unha elegante exaltación da camelia, e para iso **TURGALICIA** deseñou unha montaxe de impacto, sofisticada e realizada con grandes doses de imaxinación e de cor. Ademais de mostrar algunhas das centos de variedades de camelia que existen en Galiza, a mostra aproveitará a afluencia de visitantes a Santiago co gallo das datas de Semana Santa para

exposición  
**camelia**  
DE GALICIA

**Pazo de Fonseca**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Venres 21 de marzo, de 13 h. a 21 h.  
Sábado 22 de marzo, de 11 h. a 21 h.

INFORMACIÓN TURGALICIA  
902 200 432  
[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)

ENTRADA GRATUITA

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA

TURGALICIA  
Sociedade Galega de Turismo

USC

camelia  
GALICIA

SEC

dar a coñecer, ademais, o novo produto turístico denominado “Ruta dos Xardíns de Inverno”, un conxunto de xardíns públicos e privados que poden ser visitados e que presentan o seu mellor aspecto no momento de floración das súas camelias, durante os meses de novembro a marzo.

Difíciles de obter pola súa procedencia do Lonxano Oriente, nun primeiro momento foron plantas de xardíns de pazos e casas señoriais da nobreza galega, e nos últimos 50 anos pasaron a formar parte dos xardíns e fincas tanto públicos como privados de toda Galiza.

## Ruta dos Xardíns de Inverno de Galiza

A Ruta dos Xardíns de Inverno de Galiza, un novo produto turístico que **TURGALICIA** vén de pór en valor, leva por oito enclaves, e constitúe unha invitación lúdica e cultural a visitar os xardíns dalgúns dos máis belos pazos e castelos do patrimonio arquitectónico galego.

Neles, xunto a exemplares de camelias nalgúns casos centenarias, atópanse árbores singulares e especies procedentes dos cinco continentes, entre elas sequoias e araucarias, que os converten en auténticos xardíns botánicos. A ruta leva desde o Mu-

seo Quiñones de León de Vigo e o Castelo de Soutomaior aos pazos de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa) e A Saleta (Meis); Oca (A Estrada); a Casa Museo de Rosalía de Castro (Padrón), e os pazos de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra) e de Mariñán (Bergondo).